



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO
CONCELLO O DÍA DOCE DE DECEMBRO DO DOUS MIL CINCO.**

ASISTENTES

ALCALDE-PRESIDENTE

D. Melchor Roel Rivas

CONCELLEIROS

D. Francisco Luis Rodríguez Guerreiro, D. José Luis Docampo Fortes, D. Rafael Luis Fernández Amor, D. César Ricardo Naval Parapar, D^a. María Rebeca Fernández Martínez, D^a. Ana María Basanta Tojo, D. José Antonio Goás Basanta, D. José Joaquín Gayoso Roca, D. Guillermo Leal Arias, D. Justo Vicente Vázquez Chao, D. Antonio Solla Díaz, D^a. Marta Pérez Lage, D^a. Rosario Canoura Labayén, D. Antonio José Bouza Rodil e D. Orlando Expósito Mariño.

NON ASISTE:

D. César Aja Mariño

SECRETARIO ACCIDENTAL

D. José Eugenio Vivero Russo

INTERVENTOR

D. Fidel García Martul

Na Casa do Excmo. Ayuntamiento de VIVEIRO, sendo as vinte horas e trinta minutos do día doce de decembro do dous mil cinco, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a do Secretario accidental, D. José Eugenio Vivero Ruso, celébrase sesión extraordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

Á hora sinalada para este acto, polo Sr. Alcalde, declárase aberto o mesmo.

**1º.- APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE TRANSFERENZA DE CRÉDITO, COA
ORIXE NAS PARTIDAS 121.622, CONSTRUCCIÓN DA CASA CONSISTORIAL E
322.01.141, RETRIBUCIÓN MONITORES, ADMINISTRATIVOS E ALUMNOS,
ESCOLA OBRADOIRO, PARA INCREMENTO DO CRÉDITO EN DETERMINADAS
PARTIDAS DO ORZAMENTO.**

Polo Sr. Alcalde-presidente, D. Melchor Roel Rivas, faise referencia á moción presentada pola alcaldía para a aprobación do expediente de transferencia de crédito, coa orixe nas partidas 121.622 e 322.01.141, que dí:

“A o longo do presente exercizo orzamentario, puxéronse de manifesto determinadas necesidades as que deben facerse fronte.

A pesares de non contar co orzamento definitivo para o ano 2005, hai unha serie de servizos e investimentos que o Concello debe manter para o benestar dos veciños. Por outra banda, hai unha serie de partidas, como as que corresponden ao subprograma 322.01 - Escola



Obradoiro que contan con crédito orzamentario disponible e que xa non é necesario para a execución do gasto previsto, unha vez concluída a execución desa actividade.

Na partida 121.622 - Construcción da Casa Consistorial, como consecuencia da demora na adjudicación da obra, o que se vai a executar realmente, ben en obra ou por acopios de material, vai ser unha cuantía inferior á prevista inicialmente no Orzamento Prorrogado. Segundo informa á Xunta, como axente financiador externo, o gasto que debe realizarse no ano 2005, é de alo menos 232.753,02. A esta cantidade debe engadirse, en concepto de retención aplicable ao exercizo no que conclúan as obras, 128.969 € Polo tanto, a diferenza entre o crédito disponible a data de hoxe, na partida mencionada, e de 361.722,02 € é o crédito que o Concello pode dispoñer mediante modificación de crédito para outros gastos. Esta cuantía é de 57.316,91 € sobrante da Escola Obradoiro.

A partida 121.622 - Construcción da Casa Consistorial, está dotada con 617.243,54 € e a previsión de gasto durante todo o ano non é superior a 361.722 €. Sendo prudentes, poderíase redondear ata os 365.000 € Desda forma o crédito que podería destinaerse a outros gastos sería de 252.243,53 € Esta cifra sumada á procedente da Escola Obradoiro ascende a 309.560 €

Da cantidade sobrante para a Escola Obradoiro, 1928,50 € tramitaranse como transferencia de crédito entre mesmos grupos de función, polo que a competencia para aprobar a modificación correspondente á Alcaldía. Unha vez deducida a cantidade anterior, o sobrante que se empregará nesta modificación da Escola Obradoiro é de 55.388,41 €

Da cantidade sobrante na partida 121.622 (Construcción da Casa Consistorial) débese deducir 3.707,94 € para a tramitación de transferencia entre un mesmo grupo de función, polo que a cuantía do crédito a utilizar para a actual modificación orzamentaria é de 248.533,59 €

O total da modificación actual é de 303.924 €

Para a realización de ditos fins, é necesario o incremento do orzamento de gastos, non existindo consignación orzamentaria na vinculación xurídica correspondente, ou ben porque o crédito existente é insuficiente e polos importes que se indican:

Partida	Descrición	Importe €
222.212	Mantemento da rede semafórica	34,08
222.213	Mantemento da maquinaria - Policía Local	140,08
222.22103	Combustible vehículos – Policía Local	43,35
222.22104	Vestuario – Policía Local	22,31
223.224	Primas de seguros vehículos extinción de incendios	172,50
223.226	Gastos diversos - Protección Civil	65,88
223.623	Maquinaria, instalacións e utillaxe - Protección Civil	1392
42200.22103	Combustibles dos colexios	1494,63
42200.611	Investimento de reposición infraestructuras e bens Uso xeral colexios	6148
43101.611	Investimento de reposición en infraestructuras alumeadado público	6710,55
43102.210	Conservación e mantemento de infraestructuras	4348,70
43102.212	Conservación e mantemento edificios servizos múltiples	415,28
45101.22001	Compra de fondos bibliográficos - Biblioteca	179,8



**EXCMO.CONCELLO
DE
VIVEIRO**

Secretaría

Praza Maior, 1. 27850. Viveiro (Lugo) Tfno: 982.56.01.28 Fax: 982.56.11.47 e-mail: viveiro@fegamp.es

45102.212	Edificios e outras construcións	1259,37
45102.213	Mantemento de instalacións culturais	143,70
45102.22101	Suministración de auga para actuacións culturais	40,40
45102.22108	Productos de limpeza e aseo - Cultura	235,83
45102.22709	Actuacións culturais	2342
45103.22100	Gastos de enganche e consumo enerxía eléctrica, festas populares	6845,57
45103.22607	Gastos diversos en festexos populares	98.909,12
452.212	Conservación edificios deportivos	1295,68
452.22108	Productos de limpeza e aseo - Deportes	250,09
452.22606	Gastos diversos en eventos deportivos	1690,71
452.622	Investimento en edificios e outras construcións - Deporte	3870,03
511.611	Investimento de reposición en infraestructuras e bens para uso xeral	154.080,76
43102.622	Investimento novo en edificios para servizos múltiples	11.583,76

Os fondos necesarios para financiar esta operación obtéñense con transferencia desde as partidas que de seguido se relacionan:

Partidas Que disminúen	Descrición	Importe €
322.01.141	Retribucións monitores, administrativos e alumnos	53.608,97
121.622	Construcción da Casa Consistorial	250.315,04
Total		303.924,01

As devanditas partidas corresponden a gastos que, se ben non é necesaria a súa execución, ben poden ser reducidos os seus importes, dado que a evolución do exercizo e a execución dos proxectos e partidas permítenos disminuír os importes indicados sen perturbación ou merma no correspondente servizo.

Polo tanto, pola presente ordeo:

INCOAR o correspondente expediente de modificación de créditos mediante transferencia, co o seguinte desglose:

Partida	Descrición	Importe €
222.212	Mantemento da rede semaforica	34,08
222.213	Mantemento da maquinaria - Policía Local	140,08
222.22103	Combustible vehículos – Policía Local	43,35
222.22104	Vestuario – Policía Local	22,31
223.224	Primas de seguros vehículos extinción de incendios	172,50
223.226	Gastos diversos - Protección Civil	65,88
223.623	Maquinaria, instalacións e utillaxe - Protección Civil	1392
42200.22103	Combustibles dos colexios	1494,63
42200.611	Investimento de reposición infraestructuras e bens	6148



	Uso xeral colexios	
43101.611	Investimento de reposición en infraestruturas alumeado público	6710,55
43102.210	Conservación e mantemento de infraestruturas	4348,70
43102.212	Conservación e mantemento edificios servizos múltiples	415,28
45101.22001	Compra de fondos bibliográficos - Biblioteca	179,8
45102.212	Edificios e outras construcións	1259,37
45102.213	Mantemento de instalacións culturais	143,70
45102.22101	Suministración de auga para actuacións culturais	40,40
45102.22108	Productos de limpeza e aseo - Cultura	235,83
45102.22709	Actuacións culturais	2342
45103.22100	Gastos de enganche e consumo enerxía eléctrica, festas populares	6845,57
45103.22607	Gastos diversos en festexos populares	98.909,12
452.212	Conservación edificios deportivos	1295,68
452.22108	Productos de limpeza e aseo - Deportes	250,09
452.22606	Gastos diversos en eventos deportivos	1690,71
452.622	Investimento en edificios e outras construcións - Deporte	3870,03
511.611	Investimento de reposición en infraestruturas e bens para uso xeral	154.080,76
43102.622	Investimento novo en edificios para servizos múltiples	11.583,76

Partidas que diminúen	Descrición	Importe €
322.01.141	Retribucións monitores, administrativos e alumnos	53.608,97
121.622	Construcción da Casa Consistorial	250.315,04
Total		303.924,01

Incorpórese o informe da Intervención municipal e todos aqueles informes que se estimen pertinentes, e elévese ao Pleno da Corporación para a súa aprobación, previo informe da Comisión Informativa correspondente.

A aprobación definitiva desta modificación queda condicionada á aprobación no Pleno da declaración de crédito disponible do que se declarou como comprometido para a execución do gasto deste ano na Casa Consistorial, por ser superior á cantidade declarada comprometida a o que realmente se vai executar este ano. Enténdese que coa aprobación do Pleno á modificación orzamentaria, tamén se aproba a corrección das cantidades aprobadas como crédito autorizado e comprometido para o exercizo orzamentario en curso. Apórtase como xustificación do que se menciona, copia das dúas certificacións presentadas pola constructoras que serán obxecto de aprobación, una vez que se aporte o informe preceptivo de fiscalización pola Intervención municipal.

De ser superior o crédito disponible aos gastos a atender con esta modificación orzamentaria, manteríase o crédito na partida orixinaria da transferencia.

En Viveiro, a 5 e decembro de 2005. Asinado o alcalde, don Melchor Roel Rivas”



Igualmente consta no expediente do Pleno o informe do interventor municipal, relativo ao asunto, que indica o seguinte:

“1. Lexislación aplicable

- Rel Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local.
- Real Decreto 500/990, de 20 de abril, polo que se desenvolve a Ley Reguladora das Facendas Locais en materia orzamentaria.
- Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro, dos Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.
- Orden de 20 de setembro de 1989, que establece a estrutura dos orzamentos das corporacións locais.
- Bases de execución do Orzamento para o exercizo corrente.

1. Órgano competente.

Pleno da Corporación, previo dictame da Comisión Informativa correspondente. Aprobarase con suxección aos mesmos trámites e requisitos que a aprobación do orzamento.

2. Informe

Dos antecedentes que posúe esta Intervención, podeuse contrastar (ou non) os datos aportados pola Alcaldía na súa memoria e que xustifican e determinan a necesidade da modificación orzamentaria.

Así mesmo, comprobouse que a baixa ou minoración dos créditos indicados non afecta a compromiso algún desta Corporación, estando disponibles para a financiación do expediente sen que, a xuízo do que subscribe, implique perturbación na prestación do servizo público. A afirmación anterior vincúlase á aprobación polo Pleno da anulación da autorización e o compromiso do gasto para a Casa Consistorial, pola cuantía do crédito que non se vai utilizar no exercizo orzamentario actual. Enténdese que coa aprobación polo Pleno da modificación orzamentaria, simultaneamente, está anulando o crédito autorizado e comprometido en exceso para o exercizo actual na partida 121.622, construción da Casa Consistorial.

As transferecias de crédito non están suxeitas a ningunha das seguintes limitacións:

- a) Non afectan ós créditos ampliables nin aos extraordinarios concedidos durante o exercizo.



- b) Non minoran os créditos que foran incrementados con suplementos ou transferencias, salvo cando afecten a créditos de personal, nin os créditos incorporados como consecuencia de remanentes non comprometidos procedentes de ornamentos pechados.
- c) Non incrementan créditos que, como consecuencia de outras transferencias, foran obxecto de minoración, salvo cando afecten a créditos de personal.

Esta Intervención informa favorablemente o expediente de modificación de créditos, coa seguinte proposta de acordo:

1. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos mediante transferencia de crédito, correspondente a transferencia de crédito entre partidas do orzamento de gastos, co seguinte desglose:

Partida	Descrición	Importe €
222.212	Mantemento da rede semaforica	34,08
222.213	Mantemento da maquinaria – Policía Local	140,08
222.22103	Combustible vehículos - Policía Local	43,35
222.22104	Vestuario – Policía Local	22,31
223.224	Primas de seguros vehículos extinción de incendios	172,50
223.226	Gastos diversos - Protección Civil	65,88
223.623	Maquinaria, instalaciones e utillaxe - Protección Civil	1392
42200.22103	Combustibles dos colexios	1494,63
42200.611	Investimento de reposición infraestructuras e bens Uso xeral colexios	6148
43101.611	Investimento de reposición en infraestructuras alumeadado público	6710,55
43102.210	Conservación e mantemento de infraestructuras	4348,70
43102.212	Conservación e mantemento edificios servizos múltiples	415,28
45101.22001	Compra de fondos bibliográficos - Biblioteca	179,8
45102.212	Edificios e outras construcións	1259,37
45102.213	Mantemento de instalacións culturais	143,70
45102.22101	Suministración de auga para actuacións culturais	40,40
45102.22108	Productos de limpeza e aseo - Cultura	235,83
45102.22709	Actuacións culturais	2342
45103.22100	Gastos de enganche e consumo enerxía eléctrica, festas populares	6845,57
45103.22607	Gastos diversos en festexos populares	98.909,12
452.212	Conservación edificios deportivos	1295,68
452.22108	Productos de limpeza e aseo - Deportes	250,09
452.22606	Gastos diversos en eventos deportivos	1690,71
452.622	Investimento en edificios e outras construcións - Deporte	3870,03
511.611	Investimento de reposición en infraestructuras e bens para uso xeral	154.080,76
43102.622	Investimento novo en edificios para servizos múltiples	11.583,76

Partidas que diminúen	Descrición	Importe €
322.01.141	Retribucións monitores, administrativos e alumnos	53.608,97



121.622	Construcción da Casa Consistorial	250.315,04
Total		303.924,01

2. Expoñer ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da provincia, por un prazo de 15 días o citado expediente, durante os cales os interesados poderán examinarlo e presentar reclamacións ante o Pleno. Considerarase definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se presentaran reclamacións.
3. Facultar ao Alcalde para asinar cantos documentos sexan necesarios para a execución do presente acordo.

Viveiro, a 5 de decembro de 2005. Asinado, o interventor municipal, don Fidel García Martul”

A seguir, o Sr. Alcalde indica que, como se reflicte no texto da moción, esta aprobación vai referida á cantidade sobrante que estaba destinada para a construción da nova Casa Consistorial e máis da financiación para a Escola Obradoiro. Sinala que no caso da Casa Consistorial, esta actuación tiña a súa propia partida, pero que no segundo trimestre deste ano convocouse un concurso público para a adxudicación das obras sen que ningunha empresa presentara proposta, polo que esa financiación quedou sen utilización.

Engadindo que *“a cantidade que trae a aprobación ven ser esa partida orzamentaria que quedou deserta”*. Sinala que tendo en conta que o Concello tivo que volver a convocar o concurso para a adjudicación desta obra, e que non se vai esgotar a partida antes do 31 de decembro de 2005, a proposta do equipo de goberno é a de facer un suplemento de crédito con esa cantidade, xuntamente tamén coa destiñada para a Escola Obradoiro, sumando entrambalas dúas un total de 303.924,01 €

Continúa na súa intervención afirmando que *“hai unha modificación de partidas para xerar créditos”* e insiste en que estes son de consignación existente, *“co que temos a posibilidade de suplementar este crédito para facer fronte ao pagamento das facturas relacionadas na moción”*.

O Sr. Alcalde cede de seguido a palabra ao Interventor municipal, don Fidel García Martul, para que faga mención a unha partida orzamentaria da que non era necesario suplemento de crédito.

O Sr. Interventor Municipal intervén para indicar que na anterior modificación orzamentaria houbo unha factura, concretamente a 592/2005, da que comprobou que había crédito suficiente no orzamento, sen necesidade de modificación orzamentaria algunha. Don Fidel García Martul desexa dar conta do erro *“para que o teñan en conta os señores concelleiros, porque esto supón que a modificación orzamentaria que se aprobou é por unha cuantía inferior (934,42 € sobre a cuantía inicial da modificación orzamentaria)”*.

A continuación, o señor Alcalde indica que na *Comisión Informativa de Facenda*, na súa sesión levada a cabo o día 9 de decembro de 2005, dictaminouse a favor a proposta que ven a aprobación deste Pleno, polos grupos do Partido Socialista, Bloque Nacionalista Galego e Esquerda Unida, consonte ao informe do Interventor municipal, e coa abstención do Partido Popular.

De seguido, o Sr. Alcalde, cede a palabra ao Grupo Popular.

Intervén primeiramente por parte deste Grupo o concelleiro don Guillermo Leal Arias, para incidir sobre os seguintes extremos:



- Pregunta a que concepto corresponden as certificacións de obra da Casa Consistorial que están xuntadas á documentación deste Pleno.

O Sr. Alcalde contesta a súa pregunta indicando que corresponden á realización de obra e de acopios de materiais. Don Guillermo Leal pregunta entón se están xa executadas esas partidas de obra, ao que o Sr. Alcalde respóndelle afirmativamente.

- De seguido, o citado Concelleiro do PP sinala que hai dúas partidas de subvencións, por importes de 82.500 e 120.242, preguntando se a xustificación da subvención da Casa Consistorial tiña data para a súa presentación na Xunta de Galicia.

En contestación a súa pregunta, o Sr. Interventor municipal comenta que se trata de dúas subvencións: por unha banda, a subvención por importe de 120.242 € que naceu con base nun convenio plurianual da Xunta de Galicia e que a última anualidade corresponde ao 2005. Indica que segundo a confirmación do Sr. Alcalde, consultouse coa Xunta de Galicia a posibilidade de prorrogar a xustificación desa cantidade.

O Sr. Interventor sinala que *“segundo confirmación do señor alcalde e do Concelleiro de Facenda conseguiuase retrasar a xustificación desa cantidade ata o 15 de decembro de 2005, que é o prazo establecido tamén para a outra subvención por importe de 82.500 €”*. Don Fidel García Martul advirte que *“con esa confirmación de prórroga da xustificación da subvención entendo que está correcta a modificación”*.

- Don Guillermo Leal indica que a data para xustificación desas subvencións era o 15 de outubro de 2005 e pregunta si temos constancia por escrito, ao día de hoxe, da solicitude ou concesión do aprazamento desas subvencións.

O Sr. Alcalde indica que *“tendo en conta de que a continuación das obras da Casa Consistorial retomáronse no pasado mes de Outubro, mal poderíase xustificar. Esa demora púxose en coñecemento da Dirección Xeral de Administración Local e este organismo autorizou a que a data límite para a xustificación fora o 15 de decembro de 2005. Polo tanto, tendo en conta este aprazamento favorable, non había ningún obstáculo que nos fixera pensar que estábamos fora de prazo”*.

- O Sr. Leal incide na pregunta de se existe constanza, ao día de hoxe, da solicitude ou concesión desa prórroga. O Sr. Alcalde resposta indicando que non se solicitou por escrito, senón que foi unha xestión verbal.

- Don Guillermo Leal diríxise de seguido ao Sr. Interventor Municipal para preguntarlle de se no suposto de que se estivese fora de prazo na xustificación da subvención, se se dera o caso de que non se concedera a prórroga solicitada, si esas facturas incluídas no Pleno para ser aprobadas quedarían pendentes de pago.

O Sr. Interventor indica que aquí traese so unha modificación orzamentaria e que é so unha aprobación provisional. Indica que temos ata finais do mes de decembro para conseguir da Xunta un compromiso escrito de xustificación das cantidades. Engade que *“agora do que se trata é de dar*



unha aprobación provisional, de tal maneira que si a 31 de decembro non temos xustificado ese compromiso da Xunta, a modificación orzamentaria quedaría anulada: si non hai modificación, non hai aprobación de facturas.”

Intervén o Sr. Alcalde para indicar que *“todo o gasto que nosoutros temos vaise poder pagar coa liquidación de contas do ano 2005. A nosoutros non se nos vai coller ningunha débeda extrajudicial escondida nos caixóns. Se mañá xurde unha emerxenza e temos que facer un gasto, quedará reflectido contablemente á vista de todos os veciños”*.

O Sr. Interventor indica que *“dado as datas nas que nos atopamos, tratáronse de facer as cousas o máis rápido posible, para lograr non prexudicar indebidamente a provedores do Concello. Segundo o que me confirman os Señores Alcalde e Concelleiro de Facenda existe un acordo de prorrogar a xustificación da subvención da Casa Consistorial. Ao mellor non se foi moi riguroso á hora de pedilo por escrito, pero non se vai a prexudicar os dereitos de nadie, porque a data de hoxe non hai dereitos adquiridos con ningún proveedor mentres non se aproben as facturas, e esa aprobación vai ir condicionada a que exista o compromiso da Xunta”*.

Don Guillermo Leal Arias pregunta se as facturas existen, ao que o interventor responde afirmativamente.

Igualmente pregunta se se pagarían este ano ou ben o que ven, ao que o Sr. Interventor responde que o vindeiro ano, *“pero con cargo ao orzamento do ano 2005”*.

A Continuación, polo Voceiro suplente do PP, D. José Joaquín Gayoso Roca, interésase polo suposto de que se as facturas non se poden pagar, por no haber consignación orzamentaria, donde quedarían reflectidas. O Sr. Alcalde resposta que *“quedarán reflectidas en pleno recoñecemento de débeda extraxudicial”*. Indica que se alguén dubida de que non había consignación para a construción da Casa Consistorial que o diga agora para o que Sr. Interventor os poida informar.

O Sr. Gayoso Roca pregunta se quedarán reflectidas contablemente as facturas no suposto de que non se poidesen pagar. O Sr. Alcalde respóndelle que quedarán reflectidas *“e ademais comprometido co balance de contas para o recoñecemento extrajudicial público”*.

A continuación, don Guillermo Leal interésase polo termo *“ou non”* incluído no apartado 3 do informe do interventor municipal, onde indica *“Dos antecedentes que posúe esta intervención, podeuse contrastar (ou non) ...”*. Pregúntalle ao Sr. Interventor se é correcta esa indicación, advertindo este que sobra esa precisión no informe, xa que se trata dun erro.

Intervén seguidamente o Voceiro do Bloque Nacionalista Galego, don Francisco Luís Rodríguez Guerreiro, para referirse aos seguintes extremos:

- Sinala que *“a práctica habitual do grupo municipal do BNG foi sempre, durante o mandato do Partido Popular no Concello, en que non se poidese atopar ningún voto en contra ou oposición para que se fixesen suplementos de crédito”*. Indica que *“sempre nos mostramos favorables ás modificacións ao longo do ano, unha vez aprobados os orzamentos, como neste caso, mediante unha prórroga do orzamento anterior. Unha Corporación ten que ter a suficiente capacidade de manobra como para poder modificar os orzamentos”*.



Praza Maior, 1. 27850. Viveiro (Lugo) Tfno: 982.56.01.28 Fax: 982.56.11.47 e-mail: viveiro@fegamp.es

- Advirte que o orzamento ven a representar uns cálculos que se fan “antes de” tendo en conta a previsión dunhos ingresos e dunhos gastos. Polo tanto –sinala- “é lóxico que durante o transcurso do ano haxa modificacións”.
- Apunta que “polo tanto, eu non entendo esta posición de hoxe do Partido Popular. Estamos falando da construción da nova Casa Consistorial. Todos coñecemos os problemas desta obra: houbo un problema entre a dirección de obra e a empresa que levou a execución. Despois de moitas xestións, chegouse a un acordo encamiñado en chegar á convocatoria dun novo concurso para adxudicación da continuación das obras; adxudicación que se realizou a favor da empresa Construcciones Naray”.
- Don Francisco Rodríguez continúa sinalando que “durante toda esta tramitación houbo afirmacións por parte do Grupo Popular de que non había consignación para as obras da Casa Consistorial. Eu quería que quedara claro esta precisión porque por parte do Departamento de Intervención afirmase que sí había e hai consignación.”
- Indica que “quero mostrar tamén aquí a grande colaboración prestada polo anterior Conselleiro de Xustiza, Sr. Palmou, xa que sempre deu todo tipo de posibilidades a este Concello, aínda gobernando unhos partidos políticos contrarios ao seu. Tamén quero deixar claro que non é a política correcta que se necesita nun Concello a que neste momento está mostrando o Partido Popular. “

De seguido intervén o Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, mostrando a súa predisposición para aprobar desde o seu grupo esta modificación, aínda que precisa que “non porque estea especialmente contento, xa que non me parece agradable retirar cartos dunha partida importante como é a da construción da nova Casa Consistorial, porque entendo que ese investimento xa tería que estar executado e xustificado. Tampouco é agradable que non estuvera en marcha a estas alturas do ano a Escola Obradoiro. Non me atopo orgulloso desta xestión. Habería que preguntarse porque non temos a Casa Consistorial xa rematada, tendo en conta as necesidades das que necesita o Concello de ter un edificio máis amplo e cómodo para os cidadáns e personal que o que temos actualmente. Tamén é lamentable que a Escola Obradoiro non estivese en funcionamento”.

Intervén de seguido o Sr. Alcalde para contestar ao Sr. Expósito Mariño, precisando que “nosoutros, en setembro do pasado ano, despois de moitas negociacións, tivemos que traer ao Pleno oitenta e oito modificacións do proxecto inicial da Casa Consistorial que se fixeron sen aprobar.”

Continúa precisando que “despois desa modificación, tivemos que negociar coa empresa “Alcuba” e a dirección de obra a rescisión do contrato, e negociar tamén co anterior Conselleiro de Xustiza, señor Palmou”.

Indica que o señor Palmou admitiu todas as facturas antes do 15 de decembro de 2004, e todo o que non se podía xustificar aprazouse para esta anualidade. Posteriormente a eses trámites –sinala- “tivemos que convocar un novo concurso coa intención de que no mes de xuño estivese adxudicada. Ese concurso quedou deserto, co que houbo que volver a convocar un novo no mes de agosto, en función do cal produíxose unha adxudicación no mes de outubro, a favor da empresa “Construccions Naray”.

Continúa detallando que “loxicamente non se podía xustificar o gasto antes do 15 de outubro de 2005 e negociouse coa Xunta o seu aprazamento ata o 15 de decembro de 2005. Neste



Praza Maior, 1. 27850. Viveiro (Lugo) Tfno: 982.56.01.28 Fax: 982.56.11.47 e-mail: viveiro@fegamp.es

momento temos obras realizadas e acopios de materiais, certificados polo director da obra, e o mesmo que falamos co anterior conselleiro o que non se entregou antes do 15 de decembro de 2004, non se pagou”.

Indica que “o anterior Conselleiro agradeceu a nosa sinceridade, porque senon os cartos que tiña a Consellería de Xustiza perdíaos. Foi unha actuación legal entre a Consellería e o Concello, exactamente igual que estamos a facer agora: antes do 15 de decembro de 2005 imos chegar á Xunta as certificacións asinadas polo director da obra”.

Intervén, novamente, o Voceiro suplente Sr. Gayoso, para precisar o seguinte:

- *“Estamos falando da construción da Casa Consistorial, cando do que aquí se trata é precisamente de empregar financiación ou partidas non investidas para esta obra, para destinar a outras facturas.”*
- *“Nosoutros non vamos a facer un control rigoroso desas certificacións, o que si queremos é que a nova Casa Consistorial se remate dunha vez. E iso é merecedor de crítica porque levamos dous anos e medio de atraso.”*
- *“Aquí o que se somete a consideración do Pleno e a retirada de investimento da Casa Consistorial para facer fronte a outras facturas. Trátase dun financiamento que estaba previsto para investimento para transferilo para gasto”.*

O Sr. Rodríguez Guerreiro, indica que o Partido Popular é o que invirte os termos. *“As tres preguntas iniciais foron plantexadas polo Partido Popular, precisamente invertindo os termos do debate e esas tres preguntas xa se contestadas (concepto das certificacións, xustificación de solicitude de prórroga ou concesión da subvención e destino de facturas non pagadas)”.*

Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación Municipal por maioría de nove votos a favor (PS de G-PSOE, BNG e IU-EU) e sete abstención (PP), acorda

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos mediante transferencia de crédito, correspondente á transferencia de crédito entre partidas do orzamento de gastos, co seguinte desglose:

Partida	Descripción	Importe €
222.212	Mantemento da rede semaforica	34,08
222.213	Mantemento da maquinaria – Policía Local	140,08
222.22103	Combustible vehículos - Policía Local	43,35
222.22104	Vestuario – Policía Local	22,31
223.224	Primas de seguros vehículos extinción de incendios	172,50
223.226	Gastos diversos - Protección Civil	65,88
223.623	Maquinaria, instalaciones e utillaxe - Protección Civil	1392
42200.22103	Combustibles dos colexios	1494,63
42200.611	Investimento de reposición infraestructuras e bens Uso xeral colexios	6148
43101.611	Investimento de reposición en infraestructuras alumado público	6710,55
43102.210	Conservación e mantemento de infraestructuras	4348,70



**EXCMO.CONCELLO
DE
VIVEIRO**

Secretaría

Praza Maior, 1. 27850. Viveiro (Lugo) Tfno: 982.56.01.28 Fax: 982.56.11.47 e-mail: viveiro@fegamp.es

43102.212	Conservación e mantemento edificios servizos múltiples	415,28
45101.22001	Compra de fondos bibliográficos – Biblioteca	179,8
45102.212	Edificios e outras construcións	1259,37
45102.213	Mantemento de instalacións culturais	143,70
45102.22101	Suministración de auga para actuacións culturais	40,40
45102.22108	Productos de limpeza e aseo – Cultura	235,83
45102.22709	Actuacións culturais	2342
45103.22100	Gastos de enganche e consumo enerxía eléctrica, festas populares	6845,57
45103.22607	Gastos diversos en festexos populares	98.909,12
452.212	Conservación edificios deportivos	1295,68
452.22108	Productos de limpeza e aseo – Deportes	250,09
452.22606	Gastos diversos en eventos deportivos	1690,71
452.622	Investimento en edificios e outras construcións – Deporte	3870,03
511.611	Investimento de reposición en infraestructuras e bens para uso xeral	154.080,76
43102.622	Investimento novo en edificios para servizos múltiples	11.583,76

Partidas que diminúen	Descrición	Importe €
322.01.141	Retribucións monitores, administrativos e alumnos	53.608,97
121.622	Construcción da Casa Consistorial	250.315,04
Total		303.924,01

SEGUNDO.- Expoñer ao público, por un prazo de quince días, o citado expediente mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales os interesados poderán examinarlo e presentar reclamacións que consideren oportunas. Considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaran reclamacións.

TERCEIRO.- Facultar ao Sr. Alcalde-presidente para asinar cantos documentos sexan necesarios para a execución do presente acordo.

Dáse traslado do presente acordo ao Departamento de Intervención municipal para a súa tramitación.

E sen máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde da por rematada a sesión, cando son as vinteunha horas e cincuenta minutos, estendéndose de todo o tratado a acta, da que eu Secretario accidental, dou fe.